



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012

Instituto da Lingua Galega



Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.es/>
Teléfonos
+34 8818 12810
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Universidade de Santiago de Compostela, xullo de 2013

Limiār

Esta memoria recolle as actividades desenvolvidas polo Instituto da Lingua Galega ó longo do ano 2012. Seguindo o procedemento establecido no seu regulamento interno e nas normas xerais polas que se rexen os institutos universitarios na Universidade de Santiago de Compostela, o Consello Científico do ILG, na súa sesión do 8 de febreiro de 2013, aprobou en primeira instancia o presente informe e enviouno para a súa análise á Xunta de Goberno do Instituto, que na reunión celebrada o día 25 de marzo deste mesmo ano baixo a presidencia do Reitor, accordou ratificalo por unanimidade. O proceso complétase agora coa remisión da memoria ó Consello de Goberno da USC para a súa análise e aprobación definitiva.

Como directora do ILG comprárceme poder presentar un balance que, nun contexto restritivo coma que estamos a vivir, constitúe unha elocuente mostra do firme compromiso do conxunto de persoas que conformamos o Instituto cos obxectivos que ó longo dos máis de corenta anos de vida da institución alentaron a súa actividade. Deste xeito, co esforzo e a implicación de todos, resultou posible despregar un ano máis unha intensa actividade investigadora nos eidos da lingüística e da filoloxía galegas e, ó tempo, no desenvolvemento de ferramentas e aplicacións que poñan a disposición da comunidade académica e da sociedade no seu conxunto o coñecemento xerado no marco das actividades de investigación. Por outra banda, o ano 2012 supuxo tamén un impulso decisivo ás políticas de colaboración do ILG con grupos e centros de investigación, tanto da propia USC como doutras Universidades, a través da participación en diversas redes de investigación, concretamente *Relex*, que reúne diversos grupos das Universidades de Santiago, Coruña e Vigo e centra a súa actividade no ámbito da lexicografía, e *Tecnoloxía e Análise de Datos Lingüísticos* (*Tecandali*), unha rede coordinada polo ILG e que integra grupos da Facultade de Matemáticas (*MODESTYA*), do Citius (*COGRADE*, *GSI*), de Telecomunicacións da Universidade de Vigo (*GTM*) e da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (*TALG*).

Finalmente, próxima xa a finalizar o segundo período á fronte do ILG, gustaría deixar constancia do meu agradecemento a todas as institucións e entidades que, a pesar das dificultades, contribuíron un ano máis ó sostento das actividades do Instituto e, por suposto, a todas as persoas (persoal investigador, de apoio á investigación e de administración e servizos) que co seu traballo diario fan posible que ano tras ano o ILG se manteña como unha institución de referencia dentro do ámbito da investigación lingüística e filolóxica. Estou segura de que nin o amparo das primeiras nin o apoio solidario e entusiasta das segundas lle han faltar ó novo equipo que, con renovados azos, asume a dirección do ILG a partir de agora e abre unha nova etapa de ilusión e esperanza.

Rosario Álvarez
Directora

Relación de liñas e proxectos de investigación

Ó longo deste ano 2012, o ILG negociou coa Vicerreitoría de Investigación a elaboración dun contrato-programa en que se planifica a reorganización do Centro e a programación do seu labor investigador ó longo dos próximos cinco anos. O contrato-programa mostra os compromisos de mellora que o ILG cre que pode asumir e que teñen xa a súa orixe no proceso de avaliación externa ó que o Centro fora sometido con anterioridade, primeiro no *Plano estratéxico* e logo no *Plan de mellora da calidade dos institutos universitarios*. Aínda que o contrato-programa non está aprobado de forma oficial, o ILG comezou este ano xa a traballar tentando orientarse no sentido marcado pola autoavaliación e polos compromisos que o contrato-programa establece.

O obxectivo 9 do contrato-programa, “Fomentar a internacionalización da investigación levada a cabo no centro”, figura a acción 22, “Mantemento e incremento dos proxectos de colaboración con universidades doutros países”. No ano 2012 o ILG seguiu traballando neste sentido, abrindo vías de colaboración con Universidades de fóra do SUG e con Universidades do estranxeiro: mostra diso é a aparición de investigadores do ILG, unhas veces mediante grupos organizados, outras veces a título individual, en proxectos organizados por outras institucións de investigación.

Outro feito salientable ó longo do ano 2012 foi a consecución de financiamento no Plan Galego (Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas do SUG) para a consolidación dunha Rede, TecAnDaLi (acrónimo de *Tecnoloxías e Análise de Datos Lingüísticos*), en que o grupo FILGA (en que figurán a maioría dos investigadores do ILG) se asociou cos grupos *Tecnoloxía e Aplicacións da Lingua Galega* (TALG) e *Grupo de Tecnoloxías Multimedia* (GTM), da Universidade de Vigo, e cos grupos *Modelos de Optimización, Decisión, Estadística y Aplicaciones* (MODESTYA), *Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos* (COGRADE) e *Grupo de Sistemas Intelixentes* (GSI), da USC. Esta é unha rede multidisciplinar, en que aparecen grupos de orientación lingüística con grupos de orientación tecnolóxica (estatísticos e enxeñeiros). A asociación con estes grupos supón un claro enriquecemento e unha ocasión para a renovación das liñas de investigación que se estaban a desenvolver no Instituto. Así mesmo, o grupo FILGA entrou noutra rede de nova concesión, RELEX, liderada polo grupo ROMANYCOM-UDC, en que figurán varios grupos do SUG.

Organizamos os proxectos que funcionan no Instituto en tres grupos: os proxectos promovidos polo ILG, con IPs do Centro; proxectos promovidos por outras institucións, en que se integran equipos de investigadores do ILG; e proxectos promovidos por outras institucións en que se integran, a título individual, investigadores do ILG.

a. Proxectos promovidos no seo do ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Carme Ares Vázquez, Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Samuel Pazos Pérez, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/ago/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Actualización da páxina web coa introdución de 30 novos textos en transcripción semifonolóxica e estandarizada, relativos á guerra civil, o entroido, a viña e derivados, o traballo na mina, os casamentos e os xogos tradicionais. Proximamente ampliarase a escolma de textos en rede con novos audios e as correspondentes transcripcións, cuxa primeira fase tamén se desenvolveu en 2012, con temas xa incluídos e outros como as abellas e o mel; os muíños, o forno e o pan; traballo e produtos do mar; a mata do porco; a emigración; as regueifas e os desafíos.
- Catalogación de 179 novas gravacións (162 fichas de concellos da Galicia administrativa e 17 de concellos das comarcas estremeiras), o que dá un total actual de 1.410 fichas (e outros tantos informantes) desde que no 2007 se iniciou a actual fase do proxecto.
- Preparación para a dixitalización das gravacións da década de 1980, cuxo tratamento urxe pola vulnerabilidade do soporte e pola antigüidade dos audios. Ficháronse as cintas (782 rexistros) cos criterios que se seguiron para os outros audios que xa pasaron por ese proceso.
- A vía principal de difusión do proxecto é a súa páxina web e visitas presenciais ó *Arquivo do Galego Oral* no edificio do Instituto da Lingua Galega.
- Presentacións públicas: Francisco Fernández Rei, *V Encontro O Son da Memoria*.
- Traballos académicos. TAD de José Manuel Dopazo Entenza (dir. Francisco Fernández Rei, xuño 2012).

2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGa)

IP: Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Raquel Vila Amado, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Antón Santamarina Fernández

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Durante o ano 2012, proseguíuse coa realización de novos mapas, coas lendas e notas correspondentes. Os mapas elaborados, arredor de 160, corresponden ós seguintes ám-

bitos ou áreas conceptuais: a familia e as relacións de parentesco; a relacións veciñais; a estruturación da sociedade e o traballo en comunidade; profesións, oficios, cargos.

- Revisouse e adaptouse o volume sobre o hábitat (terra, plantas e árbores) que se entregara para a súa publicación, patrocinada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Nesta fase do proceso o equipo encargado do volume colabora estreitamente cos especialistas da edición e impresión. Estanse a corrixir as probas de imprenta (Eurográficas Pichel SL, Santiago de Compostela). Prevese que o *Vol. VI Terra. Plantas e árbores* saia do prelo no último cuatrimestre de 2013.
- No ano 2012 introduciuse unha novidade no deseño do ALGa, pois o mapa de fondo incorpora información xeográfica, coa orografía e a rede dos principais ríos.
- Publicacións relacionadas: Dourado Fernández (2012), en *Madrygal* 15.

3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Amparo Cereixo Silva (IES As Neves), Lucía Doval Iglesias, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ramón Mariño Paz, Eduardo Moscoso Mato, Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo), Ana Suárez González (USC-Historia)

INFORMÁTICA: Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/BGM/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- En decembro de 2012 púxose na rede a primeira entrega da *Biblioteca dixital da Galicia Medieval*, un proxecto de alento interuniversitario (Santiago de Compostela / Vigo / A Coruña) co que se pretende ofrecer inicialmente desde o Instituto da Lingua Galega unha batería plural de recursos ó servizo da investigación sobre aspectos diversos da Galicia medieval. Nesta primeira versión inclúense únicamente recursos textuais, deixando para máis adiante a incorporación de materiais gráficos, bibliográficos, artísticos, literarios, etc.
- Quíxose comezar por obras dotadas de valor científico pero tamén simbólico e por iso esolleuse a *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* (11 tomos) de Antonio López Ferreiro (Santiago: Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar Central [1898-1909]), como faciana de presentación. Están disponibles na actualidade os tomos II e III. Os textos son accesibles á íntegra e é posible traer á pantalla, en formato PDF, á reproducción escaneada da edición empregada como fonte.

4. CARTOGRAFÍA DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo, Xulio Sousa Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Hermo González

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Real Academia Galega (1ª fase) / Instituto da Lingua Galega

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/cag/index.jsp>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Tarefas de mantemento da base de datos.
- Nesta anualidade, 14.413 usuarios, con 22.137 visitas (das cales, 64,39% son novas) e 130.498 páxinas vistas.
- Atendemento ó correo electrónico que figura ó dispor dos usuarios do CAG (59 consultas respondidas).

5. CONSTRUÇÕES VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN

IP: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro, Luz Varela Armas

FINANCIAMIENTO: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Instituto da Lingua Galega (USC) e Seminario de Gramática da Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2012

- Descripción de case 6.900 novos rexistros pola investigadora Luz Varela Armas, correspondentes a 28 verbos (desde xaneiro de 2012 ata mediados de maio de 2012).
- Soraya Domínguez Portela: Construccións verbais en galego: verbos de movemento. Tese de Doutoramento dirixida por Rosario Álvarez Blanco, lida o 17/12/2012 na Facultade de Filoloxía da Univ. de Santiago de Compostela (cualificada con Apto cum laude).

6. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Manuel González González, Noemí Basanta Llanes

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

APOIO ESTATÍSTICO: MODESTYA

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Colaboración co grupo de Teoría do Sinal, UVigo

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Posta en marcha, elaboración de criterios e convencións, transcripción de 600 minutos de gravacións.
- Participación en congresos: X Congreso da AIEG (Caerdydd/Cardiff, 2012): «O CORILGA. Un corpus oral integrado para o estudo da lingua oral».
- Traballos académicos. TAD de Noemí Basanta Llanes (dir. Xosé L. Regueira, xuño 2012).

7. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Noemí Basanta Llanes

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo

PAXINA WEB: <http://ilg.usc.es/pronuncia>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Preparación de bases de datos para a ampliación e mellora prevista para 2013.

8. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana I. Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza Blanco (UVigo), Antón Palacio Sánchez (UVigo), Luz Méndez (Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia)

FINANCIAMENTO: Convenio coa Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Redacción de 2.000 entradas do diccionario.
- Incremento das entradas da base de datos antropónímica (938 novos rexistros procedentes de textos medievais, 2.846 de textos do XVI-XIX).
- Mantenimento da bibliografía topográfica en soporte informático, con ampliación do nomenclátor de Galicia cos topónimos da zona galegófona de Asturias, León e Zamora, e escaneado e indización de fontes bibliográficas de Bascuas, Piel, Santamarina e Varela Sieiro.

9. DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Ricardo Pichel Gotérrez

FINANCIAMENTO: Deputación da Coruña

10. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEgos MEDIEVAIS

IP: Ana I. Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a Carmen Pérez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Traballos de preparación da colección diplomática medieval do mosteiro cisterciense de Santa María de Oia: lectura e transcripción das carpetas 1840, 1841; relectura 1805,

1810, 1811, 1820, 1822, 1827, 1828, 1829, 1830, 1831, 1833, 1834, 1835 e 1836, e tratamento informático das imaxes.

11. EDICIÓN DE TEXTOS DAS PRIMEIRAS DÉCADAS DO SÉC. XIX

IP: Ramón Mariño Paz, Damián Suárez Vázquez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Publicáronse os textos encontrados con posterioridade ós Papés d'emprenta de 2008; véxase Mariño Paz, Ramón / Damián Suárez Vázquez «Novos textos...».
- A expensas de que aparezan máis textos, o proxecto queda clausurado.

12. ESTUDO PERCEPTIVO DA VARIACIÓN PROSÓDICA DIALECTAL DO GALEGO

IP: Elisa Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Luís Regueira, Francisco Dubert, Ana Escourido (Universitat de Barcelona), Lurdes de Castro Moutinho (Universidade de Aveiro, Portugal), Antonio Romano (Università degli Studi di Torino, Italia)

PERSONAL CONTRATADO: Noelia Engroba Vidal, Lorena López López, María Pilar López Suárez e Sonia Gómez Castro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

APOIO ESTATÍSTICO: M^a José Ginzo Villamor (Modestya, USC)

FINANCIAMENTO: MIINECO

PÁGINA WEB: <http://eio.usc.es/pub/testpercepcion/index.php>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Desenvolvemento dunha plataforma web para a realización de tests perceptivos, así como para a análise dos resultados (versión preliminar, aínda en probas).
- Presentación no X Congreso da AIEG, Caerdydd/Cardiff (Fernández Rei 2012b) e póster nas I Jornadas de Ciéncias da Linguagem - 20-06-2012, Universidade de Aveiro, Portugal (Fernández Rei / Moutinho 2012).
- Publicacións: Fernández Rei/Engroba 2012 (no prelo); Dubert «Geographic», «Historia», «An analysis», «As formas».

13. A EVOLUCIÓN SOCILINGÜÍSTICA DE GALICIA (1950-2010): PROCESOS DE DESGALEGUIZACIÓN E (RE)GALEGUIZACIÓN

IP: Henrique Monteagudo

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert García, Anik Nandi, Hakan Casares Berg, María Dolores Villanueva Gesteira (Univ. Barcelona), María Paz Rodríguez (Univ. de Nápoles /Istituto Universitario Orientale).

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- O obxectivo fundamental do traballo é a análise da evolución da situación sociolingüística da lingua galega ó longo dos últimos sesenta anos, en particular, a evolución das variables demo- e sociolingüísticas básicas, en relación coas dinámicas sociais. A información fundamental, de carácter demolingüístico, obterase a partir de bases de datos estatísticos de carácter sociolingüístico xa dispoñibles; en particular, o Mapa Sociolingüístico de Galicia, da Real Academia Galega, 1992, e os módulos de coñecemento e uso do galego das enquisas de ‘Condición de Vida das Familias’, do Instituto Galego de Estatística, realizados en 2003 e 2008. Estas enquisas permiten realizar proxeccións en tempo aparente, o que nos permitirá simular a evolución dos parámetros sociolingüísticos básicos: lingua inicial, lingua usual e competencia lingüística. Poñeremos especial atención nos fenómenos de cambio de lingua no proceso de transmisión interxeracional e ó longo da vida das persoas, tentando identificar as variables sociais con maior poder explicativo destes cambios: o abandono e a recuperación da lingua.

14. FITOFALADOIRO

IP: Francisco Dubert García

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Javier Amigo (Herbario SANT-USC) Francisco Dubert García, David García San León (Herbario SANT-USC), Antón Santamarina

FINANCIAMIENTO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- No 2012 presentouse o proxecto do *Fitofaladoiro*, en que o Herbario SANT e o ILG pretenden involucrar estudantes de ensino medio nun traballo de recolección de herbas ventureiras e o conxunto de saberes antropolóxicos e lingüísticos ligados a elas. É un proxecto multidisciplinar. Presentouse tamén a páxina web do proxecto, na que se pretende recoller a información que envíen os colaboradores, e unha serie de vídeos e instrucións para a conservación das plantas.

15. GONDOMAR. REPOSITORIO DIXITAL DE TEXTOS DO GALEGO MEDIO (SS. XVI, XVII E XVIII)

IP: Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Rita Marquillas, José Luis Rodríguez Gómez, Pegerto Saavedra Fernández, Concepción Varela Orol, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (programa de Estadías de mobilidade de profesores e investigadores seniores en centros estranxeiros de ensino superior e investigación)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Constitución do equipo investigador e elaboración do proxecto de investigación.
- Estadía de Ernesto González Seoane na Georgetown University (18 de setembro a 20 de decembro de 2012).
- Publicacións: Álvarez Blanco / Montederramo.

16. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP: Rosario Álvarez Blanco

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Ernesto X. González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Convenio coa Real Academia Galega (2011-2013)

PROXECTO EN COOPERACIÓN: O equipo ten a encarga de elaborar a gramática institucional da RAG

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Continúan os traballos de redacción e revisión dos capítulos correspondentes. De acordo co plan previsto, deberían rematar a fins de 2013.

17. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)

IP: Xavier Varela Barreiro, Ramón Mariño Paz

EQUIPO INVESTIGADOR: Amparo Cereixo Silva (IES As Neves), Eduardo Moscoso Mato, Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- A realización desta obra foi o que motivou a construcción dun corpus do galego medieval. Durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do Xelmírez. No ano 2012 concretouse a actividade en cinco obxectivos:
 - Prosecución da revisión e mellora dos parámetros de lematización e etiquetación gramatical das obras medievais.
 - Revisión dos parámetros de análise da base de datos de sintaxe do galego medieval (AOGM).
 - Preparación (informatización e codificación) das obras do galego medio (Idade Moderna) para a inclusión dos datos lingüísticos do período nas explicacións globalizadas da gramática histórica.
 - Construcción de bases de datos parciais (fonéticas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas) nas que se recollen e codifican as atestacións textuais dos cambios lingüísticos. Durante este ano púxose o foco moi especialmente no arquivo sistemático de unidades de interese para os estudos fonéticos.
 - Redacción dalgúns capítulos da obra. Están moi avanzados os correspondentes á teoría do cambio lingüístico, ás fontes textuais de estudio, ó vocalismo, ó consonantismo, ó verbo, ó posesivo e ós pronomes de cuantificación.

18. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)

IP: Paulo Martínez Lema / Xavier Varela Barreiro / Ramón Mariño Paz

EQUIPO INVESTIGADOR: Amparo Cereixo Silva (IES As Neves), Eduardo Moscoso Mato, Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/itgm>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- En anos anteriores levantouse a estrutura de almacenamento e de consulta on line dos datos estudiados e fixéronse catro achegas sucesivas (ata o 2009 e de 2010 a 2012) coa etiquetación topográfica e importación de unidades dun grupo representativo de coleccións documentais (2009: terras de Bergantiños-Fisterra-Soneira-Xallas, terra de Celanova, diocese de Mondoñedo e diocese de Lugo. // 2011-2012: nova revisión dos materiais correspondentes á diocese de Lugo, documentación das orixes (século XIII) e unha parte da *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova*). No 2012 tamén se realizou a extracción, identificación e etiquetación dos topónimos presentes nas obras galegas medievais de carácter non notarial (literarias, históricas, relixiosas, técnicas e lexislativas) coa finalidade de os introducir no 2013 nas fontes da aplicación en web.

19. PORTAL DOS XENTILICIOS E ALCUMES GALEGOS

IP: Xosé Afonso Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Afonso Álvarez, César Osorio, David Rodríguez Lorenzo, Damián Suárez Vázquez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Fundación Camilo José Cela (1ª fase)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/ditados/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Durante os anos vindeiros incorporarase material procedente doutras fontes. Para iso, no 2012 comezouse a elaborar un inventario de obras con información deste tipo.

20. REDE TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DE DATOS LINGÜÍSTICOS

IP: Francisco Dubert García (coordinador)

CENTRO: Instituto da Lingua Galega

FINANCIAMENTO: Programa de consolidación de unidades de investigación competitivas do SUG. Modalidade Redes. Xunta de Galicia / FEDER. 2012-PG207

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Participan os grupos de investigación FILGA, MODESTYA, GSI e COGRADE, da USC, e TALG e GMT da UVigo

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/tecandali/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Realización de dúas series de seminarios de presentación, o 15/11/2012 e o 03/12/2012 en que diversas agrupacións de investigadores membros da rede presentaron ós seus parceiros o tipo de traballos e proxectos en que participan; estes seminarios tiveron como sentido encontrar puntos de encontro nos labores desenvolvidos por investigadores de diferentes tradicións (as tradicionais ciencias e letras).
- Tamén se elaborou o portal web da rede, co fin de difundir os logros da colaboración.

21. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)

IP: Antón Santamarina Fernández, Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Noelia Estévez Rionegro, Lorena López López, Lidia López Teixeiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://www.ti.usc.es/TILG/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Mantemento da páxina web.
- Revisión do Dicionario da Academia con introdución de novos lemas, acepcións e exemplos extraídos do Tesouro.

22. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez Blanco

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Xosé Afonso Álvarez Pérez, Alba Cid Fernández, Beatriz Domínguez Oroña, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Francisco Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, María Pilar López Suárez, Eduardo Louredo Rodríguez, Mónica Martínez Baleirón, Rosa Mouzo Villar, Marta Negro Romero, César Osorio Peláez, Xulio C. Sousa Fernández

FINANCIAMIENTO:

Ministerio de Ciencia e Innovación (España), FFI2009-1211 [anos 2010-2012].

Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID). Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación (España) [2009].

Axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG, Secretaría Xeral de Universidades, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Galicia) [2007-2012].

PROXECTOS EN COLABORACIÓN:

Comité portugués. IP: João António das Pedras Saramago (UL). Equipo formado por investigadores das Universidades de Coimbra e Lisboa. Proyecto TEDIPOR, financiado pola Fundação para a Ciéncia e a Tecnología. Ministério de Ciéncia, Tecnología e Ensino Superior (Portugal): PTDC/CLE-LIN/102650/2008 [2010-2012]. <http://www.clul.ul.pt/pt/investigacao/330-tedipor-thesaurus-of-dialectal-portuguese>.

Comité brasileiro. IP: Silvia Figueiredo Brandão (UFRJ) / Vanderci de Andrade Aguilera (UEL). Cinco equipos rexionais coordinados por Aparecida Negri Esquerdo (centro-oeste), Vanderci A. Aguilera/Fabiane C. Altino/Felício W. Margotti (sur), Maria Socorro S. de Aragão (nordés), Abdelhak Razky (norte), Sílvia F. Brandão/Irenilde P. dos Santos (sueste). Intégrano 26 investigadores e 21 investigadores en formación de 19 universidades ou institucións públicas de ensino superior repartidas por todo o territorio federal. Está inscrito como «Grupo de pesquisa» no catálogo da CNPq (<http://dgp.cnpq.br/buscaoperacional/>).

Convenios de cooperación asinados coas seguintes universidades brasileiras: Universidade Estadual de Londrina (UEL), Universidade Federal do Pará (UFPA), Universidade Federal do Maranhão (UFMA), Universidade Federal do Ceará (UFC), Universidade Federal da Paraíba (UFPB), Universidade Federal de Mato Grosso do Sul (UFMS).

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/tesouro/> (proximamente en acceso público)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Xuntanzas salientables. Seminario de traballo co comité portugués en Lisboa, 7-8 maio 2012. Reunión coas responsables do comité brasileiro con ocasión do *Castilho - II CILH* (São Paulo, feb. 2012). Reunión co comité brasileiro, con presenza das coordinadoras federais e de todos os coordinadores rexionais, no marco da programación do *II CIDS* (Belém, set. 2012).
- Traballo académico. TAD de Eduardo Louredo (dir. Rosario Álvarez, xuño 2012). Tese de doutoramento de Marta Negro (dir. R. Álvarez, en curso). TFG de Triana Torres (dir. R. Álvarez) e Manuel Novo (dir. María Álvarez de la Granja), curso 2012-2013. Memoria de licenciatura de Isabel Salgueiro (dir. R. Álvarez, en curso).
- Participación en congresos e reunións científicas: Álvarez Blanco, mesa redonda *Geolinguística*, en *II CILH* (São Paulo); Álvarez Pérez / Sousa Fernández, *7th SIDG* (Viena); González Seoane / Mouzo Villar / Negro Romero, *X Congreso da AIEG* (Caerdydd/Cardiff); Álvarez Blanco / Aguilera / Brandão / Gillier, *II CIDS* (Belém-Pará); Álvarez de la Granja, *Coloquio Internacional de Fraseología...* (Lugo); Álvarez de la Granja, *Workshop «Rede de Lexicografía» – Relex* (A Coruña).
- Publicacións relevantes: Álvarez Blanco: «Apuntes...», Campo Grande: UFMS. Álvarez de la Granja: «O tratamento...», Lugo: Axac. Álvarez Pérez / Sousa Fernández: «The Tesouro...», *Dialectologia*.
- Construcción da páxina web. Incremento, revisión e actualización da base de datos. Disponibilización dos resultados do proxecto para o acceso público.

23. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Amparo Cereixo Silva (IES As Neves), Lucía Doval Iglesias, Ramón Mariño Paz, Iria Pérez Mariño, Iago Santiso Fernández

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/tmilg>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance galego.
- Durante o ano 2012 desenvolvéronse traballo que foron continuación e reforzamento das liñas iniciadas e atendidas nos exercicios anteriores. Por unha banda, avanzouse na corrección e marcaxe daquelas obras da nosa base textual que, por motivos diversos, foran quedando pendentes ou precisaban de novas correccións; pola outra, foise arreventando a devandita base cunha partida de textos novos (3.000.000 de caracteres), a maioría deles de recente aparición no panorama editorial e cuxa relevancia radica basicamente no que representan de enchemento de ocos (na cronoloxía, na diatopía ou na tipoloxía textual) do noso corpus. Ó longo de 2012 someteuse a revisión, corrección ou segunda corrección unha obra en 11 volumes (a *Historia da SAMI* de López Ferreiro), que estará á disposición do usuario-investigador en Internet nun prazo razonable.

- A mecánica de traballo no *Xelmírez* aborda os textos en dúas fases sucesivas. Primeiramente dixitalízanse os textos (vía OCR ou vía picado manual, co conseguinte labor de revisión e corrección) e aplícaselles unha pre-DTD nun formato básico (TXT). Esta versión permite un primeiro e valioso aproveitamento das obras antes de seren preparadas para o seu procesamento masivo; este só é posible na segunda fase, na que son sometidos ó estándar XML. No marco da primeira fase (TXT), ó longo do ano 2012, tal e como foi indicado no parágrafo anterior, os membros do equipo someteron a unha coidadosa revisión e corrección ata un total de 30 novas obras. O proceso de conversión de textos ó formato XML leva as obras á versión definitiva para o seu aproveitamento masivo a través de Internet. En 2012 converteuse un total de 3 obras.
- Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do *TMILG*, xuntamente co do *TILG* e os dos diccionarios de diccionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo, co que coordina a plataforma RILG.

24. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA CASTELÁ - GALICIA (TMILC-G)

IP: Ramón Mariño Paz

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias, Iria Pérez Mariño, Iago Santiso Fernández, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

16

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englóbase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance castelán.
- En 2012 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán da obra incorporada ó *Xelmírez* e das 3 convertidas ó formato XML (véxase *TMILG*).

25. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA - GALICIA (TMILL-G)

IP: Xavier Varela Barreiro, Xosé Luís Couceiro Pérez

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias, Iria Pérez Mariño, Iago Santiso Fernández, Xaime Varela Sieiro (Instituto Español «Vicente Cañada Blanch» - Londres)

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance castelán.
- En 2012 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán da obra incorporada ó *Xelmírez* e das 3 convertidas ó formato XML (véxase TMILG).

26. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA PORTUGUESA (TMILP)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Ramón Mariño Paz, Iria Pérez Mariño, Iago Santiso Fernández, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Corpus Informatizado do Português Medieval (Maria Francisca Xavier - Universidade Nova de Lisboa) (<http://cippm.fcsh.unl.pt/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Dom Dinís*, que representa a ponla portuguesa do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance portugués.
- Durante o ano 2012 non se arrequentou a base con novas obras. Deste particular ocúpase un grupo da Universidade Nova de Lisboa, co que continúa aberta a colaboración (os Profesores João Malaca Casteleiro [Academia das Ciências de Lisboa] e Maria Francisca Xavier [Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa]) e que dará lugar ó deseable e esperado corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta co seu *Dicionário do Português Medieval* e que deberá ser redefinido no futuro para axeitalo ó novo horizonte.

27. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA - PORTUGAL (TMILL-P)

IP: Eduardo Moscoso Mato, Xosé Luís Couceiro Pérez

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias, Iria Pérez Mariño, Iago Santiso Fernández, Xavier Varela Barreiro, Xaime Varela Sieiro (Instituto Español «Vicente Cañada Blanch» - Londres)

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Dom Dinís*, que representa a ponla portuguesa do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en latín.
- En paralelo co *TMILL-G*, estanse reunindo e codificando as obras do legado portugués medieval en latín. Durante o ano 2012 incorporouse o *Tombo de Fiaes*, transscrito por Xesús Ferro Couselo.

28. TRANSCRICIÓN DOS TEXTOS ORAIS DO ARQUIVO ETNOGRÁFICO DO PROFESOR GUSTAV GENNINGSEN

IP: Xulio Sousa Fernández

EQUPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa, Sandra Vázquez Núñez

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario Galego, Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Transcripción e revisión de gravacións en galego. Selección de materiais para edición de contos.
- Presentación de Vázquez Núñez, X Congreso AIEG.

29. TRANSCRICIÓN PALEOGRÁFICAS DE OBRAS MEDIEVAIS (TPOM)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Varela Barreiro

EQUPO INVESTIGADOR: Mariña Arbor Aldea, María José Carrera Boente, Ramón Mariño Paz, Ricardo Pichel Gotérrez, Lucía Doval Iglesias, Raquel Rodríguez Parada

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- No ano 2012 centrouse a actividade en catro focos:
 - a. Finalización da transcripción dos Tombos do mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes (AHN 977, AHN 976). Esta actividade desenvólvese no ILG dentro do marco do proxecto «Libros, memoria y archivos. Cartularios monásticos del Noroeste peninsular (ss. XII y XIII)», dirixido por Ana Suárez González e subvencionado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (HAR2009-09529 (subprograma HIST)).
 - b. Prosecución da transcripción do Cartulario da confraría de San Xoán Bautista de Pontevedra (1432-1493) (AHN CODICES,L.443), de man de Lucía Doval Iglesias e dentro do marco da realización da tese de doutoramento.
 - c. Finalización da multiedición da *Historia troiana* (BMP ms. 558) (século XIV), realizada por Ricardo Pichel Gotérrez como parte da súa tese de doutoramento, de próxima defensa.
 - d. Comezo da multiedición da *Xeneral historia* (Ms. O.I.1. do Escorial) (1º terzo do XIV), da man dun equipo formado por Ricardo Pichel Gotérrez, Raquel Alonso Parada e Xavier Varela Barreiro.

30. VARIACIÓN E CAMBIO NO SISTEMA LINGÜÍSTICO HISTÓRICO GALEGO-PORTUGUÉS. COMPARACIÓN ENTRE O GALEGO E O PORTUGUÉS POPULAR BRASILEIRO

IP: Henrique Monteagudo

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Cidrás Escáneo, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei, Ernesto González Seoane, Xulio Sousa Fernández

FINANCIAMENTO:

1^a Fase: Secretaría General de Universidades (Ministerio de Educación, España), convenio de cooperación con CAPES (Ministério de Educação, Brasil). PHB2009-0079-TA/PHB2009-0092-TA.

Solicitado novo financiamento no marco do Programa Hispano-Brasileño de Cooperación Interuniversitaria (2012)

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Instituto da Lingua Galega (USC), Universidade Federal Fluminense (Niterói), Universidade de São Paulo

EQUIPO BRASILEIRO: Xoán Carlos Lagares Díez, Maria Jussara Abraçado de Almeida, Paulo Antônio Pinheiro Correa, Valéria Gil Condé

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2012

- Presentación conxunta en dúas sesións coordinadas no II CILH (São Paulo).
- Publicación do volume colectivo Lagares / Monteagudo (Niterói: EDUFF).
- Presentación dun novo proxecto nunha convocatoria competitiva

b. Proxectos promovidos por outras institucións con participación de equipos do ILG

1. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN (ALIR)

COORDINACIÓN XERAL

IP: Michel Contini

CENTRO: Univ. Stendhal de Grenoble

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Participan no proxecto as seguintes universidades e organismos de investigación europeos: Univ. Liège, Università di Corsica Pasquale Paoli, Université de Corse Pascal Paoli, Univ. Sophia-Antipolis, Univ. Nice, Academia Rumana, Univ. Brest, Univ. Neuchâtel, Univ. Genova, Univ. Milano-Bicocca, Univ. Barcelona, Univ. Bucarest, Univ. Lisboa, CNRS, Univ. Cluj-Napoca, Univ. Alcalá de Henares, CSIC, Univ. Santiago de Compostela, Univ. Stendhal-Grenoble, Univ. Torino

FINANCIAMENTO: Proxecto realizado co apoio financeiro da Commission des Communautés Européennes du Ministère de l'Enseignement Supérieur et de la Recherche

PÁGINA WEB: <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALIR/alir.htm>

GRUPO ILG

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Afonso Álvarez Pérez (UL), Alba Aguete Cagiao

FINANCIAMENTO: O comité galego non conta con financiamento específico

20

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Participación nos encontros do ALiR celebrados en Xinzo (setembro 2012) e Taormina (decembro 2012).
- Revisión das sínteses románicas do volume 2C.
- Presentación de datos xeolingüísticos galegos, coas respectivas sínteses, para 12 mapas do volume 5.

2. ATLAS MULTIMÉDIA PROSODIQUE DE L'ESPACE ROMAN (AMPER)

COORDINACIÓN XERAL

IP: Michel Contini, Antonio Romano

CENTRO: Univ. Stendhal de Grenoble (Francia)

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Participan no proxecto arredor de 30 universidades de todo o mundo. Pódese ver a listaxe completa dos membros en <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/partnrs.htm>

FINANCIAMENTO: Non conta con financiamento específico

PÁGINA WEB: <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>

GRUPO ILG

IP: Elisa Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Noelia Engroba Vidal, Sonia Gómez Castro

INFORMÁTICA: César Osorio

ESTATÍSTICA: Rosa Crujeiras, M^a José Ginzo (MODESTYA)

FINANCIAMENTO: O comité galego non conta con financiamento específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/amper>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2012

- Gravacións en: A Mezquita, O Barco, Lobios, Cariño, A Fonsagrada, Cangas, Oia, Allariz, Ribeira, O Grove, Lalín, e Entrimo. En canto á análise, rematouse a de Lalín, Cariño, O Grove e O Barco.
- Creouse, ademais, o espazo <http://ilg.usc.es/amper/map.html>, no que se ofrece unha demo do atlas prosódico do galego (AMPER-Gal).

3. DICTIONNAIRE ÉTYMOLOGIQUE ROMAN (DÉROM)

